

XOVES 21 e VENRES 22 de MAIO de 2020!

5 ANOS

Boas castores maiores! Seguimos descubrindo o Universo con Cora...un centro de interese que supoño vos gustará moito e espero que sexa tamén do voso agrado to proxecto que vos fixen e vos envíei.... fariamos tantas cousas chulas no cole con esta temática... ☹ Pero bueno, eu sempre vou a ir dando ideas e...se vos aburrides moito familias...podedes experimentar! Imos aló!

- FICHA 3: Entorno día y noche.

A vosa idade, todas e todos sabedes distinguir o día e a noite, verdade? Que cousiñas se fan polo día? E pola noite? Notáchedes algunha vez que cada vez hai máis horas de sol a medida que se achega o verán? A que é debido? Sabes cal é o día máis longo do ano? E o máis curto? Vai por toda a casa preguntando ós maiores a ver se eles a saben contestar...e a ver quen acerta!

Como sabedes, que sexa día ou noite, depende da posición do Sol con respecto o noso planeta, a TERRA, para que o entendades mellor, ides facer un experimento antes de comezar coa actividade:

- MATERIAL:

- Un globo tráqueo ou no seu defecto unha pelota.
- Unha linterna, foco...ou similar.

- PROCESO:

- Se posees unha maqueta da TERRA, marca cun gomet onde vivimos, o noso país. Senón tedes, e colledes unha pelota, por exemplo, coa axuda da mamá, papá, irmáns...marca cun gomet un punto que será o elixido para ser o noso país.
- Agora, colle a linterna e ilumina dende arriba, e baille dando voltas á TERRA.
- Verás que, dependendo do xiro que fagas, unha parte queda iluminada e outra non...que significa iso? Pois si, que cando nuns lugares é de día, nos outros é noite, polo que as dúas partes do día dependen das voltas que da a Terra sobre si mesma!



Dos grupos realizando la experiencia: el día y la noche



- Aquí deixovos o vídeo explicativo!

<https://www.youtube.com/watch?v=OJoZSoAR-RU>

- A continuación poño varios enlaces con actividades interactivas interesantes sobre o Sol, a Terra e a Lúa, e tamén un conto para que podades ver no ordenador, Tablet...

<http://www.auladeelena.com/2015/05/el-dia-y-la-noche.html>

<http://infantilgraciapc.blogspot.com/2013/05/cuento-el-dia-y-la-noche.html>

E agora sí, imos coa ACTIVIDADE:

En primeiro lugar, tes que cortar, con coidadiño, os troqueles, e pegar o do SOL e a LÚA, no lugar que corresponde. Segundo os pegáchedes, identificade en qué parte da TERRA é de día, e en cal é noite, e coloreade, de amarelo na que é día e de negro na que está escura.

A continuación, terás que completar a serie: facer o circulo e ir coloreándoo como corresponde, fixédevos ben! Para completar, volve a escribir, no seu lugar as palabras TERRA, SOL, LÚA.

- FICHA 4: Propiedades, brillante:

Agora que sabedes cando é día/noite e porqué...imos aprender un novo concepto e a que se debe: BRILANTE! A todos, gústavos moito a purpurina por esta característica, porque brilla moito, igual que cando usamos o rotulador amarelo fluorescente, ou as témperas que brillan...pero...porqué brillarán?

Na imaxe que vedes na ficha, é noite, e aínda así, vese que a TERRA brilla, porqué será? Efectivamente son luces, e é o que fai que o noso planeta brille se se ve dende o espacio, cando todos estamos na nosa casa pola noite coas luces prendidas...tamén as farolas das rúas, os carteis dos edificios, as luces dos coches...fan que se produza esta foto tan bonita.

A túa labor será imitala...e para elo, na imaxe que hai oscura, deberás PEGAR PURPURINA ou similar na Terra! Pero recordade...fixádevos ben porque non todo é terra, tamén hai auga e eso non brilla! Aquí, podedes pegar boliñas ou plasti de cor azul para diferenciala, seguro que vos queda moi bonito!

E agora imos con outro experimento...máxico!

TARRO FLUORESCENTE!

- MATERIAL:

- Frasco de cristal.
- Tela de tul, se tedes.
- Pintura fluorescente.
- Pincel.
- Outro trociño de tela.
- Goma.

- PROCESO:

- Pinta a tela de tul con pintura fluorescente o teu gusto.
- Agora, fai puntos coa mesma pintura no tarro de cristal.
- Introduce a tela no bote e cérrao.
- Pon outro cachiño de tela na parte de arriba, e acomódao coa goma, para que quede ben cerradiño pero sobre todo, bonito!
- Xa estaría listo! Non o crees? Apaga a luz e mira como brilla!



Espero que foran do voso agrado as propostas, hoxe moi manipulativas,
pero con este tempo creo que apetece máis argallar que facer fichas! ☺

Xa me contaredes! Biquiños!